



BASES DO SORTEO DA CAMPAÑA “FESTEXA EN VALDEORRAS”

- 1ª.- A Campaña “**Festexa en Valdeorras**” que organiza a Asociación Empresarial de Valdeorras (AEVA) e a Asociación Centro Comercial Aberto (CCA) O Barco, con motivo da campaña Nadal 2021, levarase a cabo na comarca de Valdeorras no período comprendido entre o día 9 de decembro de 2021 e o día 7 de xaneiro de 2022, e consiste no sorteo de SEIS (6) TALÓNS de COMPRA por valor de 100 euros cada un, para investir nos establecementos participantes na campaña; e CINCO (5) ESTOXOS DE VIÑO da Denominación de Orixe Valdeorras.
- 2ª.- Quedan excluídos de participar no sorteo tódolos comerciantes que participan na campaña, así como os seus empregados, pais, fillos, cónxuxe/parella, e sogros.
- 3ª.- Os establecementos integrados en AEVA e no CCA O Barco que participan na campaña “**Festexa en Valdeorras**” pedirán ós seus clientes que cubran o ticket de compra co nome e un teléfono de contacto para participar no sorteo dos seguintes premios:
- **Seis (6) TALÓNS de COMPRA por importe de 100 € cada un.**
 - **Cinco (5) ESTOXOS de VIÑO doados polo Consello Regulador da Denominación de Orixe Valdeorras.**

Os clientes deberán participar da seguinte forma:

- I. Coas compras comprendidas entre o 9 de decembro de 2021 e o 7 de xaneiro de 2022, os clientes poderán, se así o desexan, escribir no ticket de compra nome e teléfono para poder participar no sorteo. Os tickets cos datos dos clientes se depositarán nunha urna nos establecementos, que posteriormente entregarán na oficina de AEVA e CCA O Barco, para celebrar o sorteo.
- II. Iniciado o sorteo, procederase a sacar CINCO tickets, un por un, que corresponderán cos cinco estoxos de viño doados pola Denominación de Orixe Valdeorras. Posteriormente, se extraerán SEIS tickets de compra, un por un, para obter os nomes que corresponderán cos seis talóns de compra por importe de 100€ cada un.
- III. Ningún establecemento poderá entregar máis dun premio, motivo polo cal se anulará(n) o(s) ticket(s) premiado(s) no(s) establecemento(s) que previamente xa houbera(n) entregado un.
- IV. Os premiados poderán investir os seus vales de compra nos establecementos participantes na Campaña de Nadal, é dicir, nos comercios e establecementos de hostalaría que acheguen á oficina de AEVA e do CCA O Barco tickets de compra cubertos cos datos dos clientes para a celebración do sorteo.



- 4ª.- O sorteo da campaña “**Festexa en Valdeorras**” celebrarase o día 14 de xaneiro de 2022, na sede das asociacións comerciais na rúa España, 1 de O Barco.
- 5ª.- Os premiados publicaranse nos medios de comunicación, así coma nas redes sociais e na páxina web de AEVA e do CCA O Barco.
- 6ª.- Os agraciados, que serán avisados no teléfono que consta no ticket de compra premiado, disporán de quince días naturais, dende a data do sorteo, para aceptar o premio. O prazo para a aceptación rematará o día 31 de xaneiro de 2022, sendo obrigatorio que presenten o seu DNI e unha copia do mesmo.
- 7ª.- O(s) premio(s) que non sexa(n) aceptado(s) no prazo establecido quedará(n) deserto(s).
- 8ª.- A cada un dos agraciados se lle entregará un estoxo de viño da D.O. Valdeorras ou un talón de 100€ no que figurarán os establecementos que participaron na campaña e nos que poderán investir dito importe. Os premiados terán que investir o importe dos talóns no prazo de DOUS MESES, a contar dende a data de celebración do acto de entrega de premios.
- 9ª.- Os premiados teñen a obriga de recoller persoalmente os premios, motivo polo que quedarán desertos os que non sexan recollidos polo seu titular, e terán que entregar unha copia do seu DNI as entidades organizadoras para acreditarse como gañador.
- 10ª.- A participación no sorteo supón a plena aceptación destas bases, así como a autorización a entidades organizadoras para a utilización dos datos de identificación facilitados polos participantes nos boletos de participación, única e exclusivamente para os fins propios desta campaña. Esta autorización faise extensiva á imaxe dos gañadores para os efectos de publicidade do resultado da campaña. O incumprimento destas bases supón a privación de tódolos dereitos que podan derivar da participación na campaña.
- 11ª.- A Asociación Empresarial Centro Comercial Aberto O Barco xestionará os datos persoais facilitados polos participantes nesta campaña con estrito cumprimento de tódolos requisitos exigibles pola Lei orgánica 03/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais.
- Os datos facilitados polos participantes que resulten premiados incorporaranse un ficheiro automatizado, e serán utilizados, única e exclusivamente, para ditos fins previstos nas presentes bases. Non obstante, calquera dos participantes poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición por medio dunha comunicación escrita dirixida a: Asociación Centro Comercial Aberto O Barco, Praza do Concello nº 2, 32 300 de O Barco de Valdeorras. Unha vez transcorridos os prazos legais establecidos, os datos recopilados para o fin serán destruídos.



12ª.- AEVA e o CCA O Barco resérvase o dereito a modificar total ou parcialmente estas bases, así como a suspender o sorteo, sen incorrer en ningún tipo de responsabilidade.

Valdeorras, novembro de 2021